

PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

CEIP PLURILINGÜE DE TARRÍO



1. XUSTIFICACIÓN

Para vivir, aprender e traballar con éxito nunha sociedade cada vez máis complexa e rica en información vaise tornando imprescindible utilizar a tecnoloxía eficazmente. As TIC chegaron a ser un dos puntos básicos da sociedade de hoxe, é necesario, por tanto, proporcionar ao cidadán unha educación que teña en conta esta realidade.

Esta emerxente sociedade da información, impulsada por un vertixinoso avance científico e sustentada polo uso xeneralizado das tecnoloxías da información e da comunicación, conleva cambios que alcanzan tódolos ámbitos da actividade humana. Os seus efectos maniféstanse de xeito moi especial nas actividades laborais e en especial no mundo educativo, onde todo debe ser revisado, dende a razón de ser da escola e demais institucións educativas, ata a formación básica que precisamos o profesorado, así como o xeito de ensinar e de aprender, as infraestruturas e mesmo a estrutura organizativa dos centros e a súa cultura.

A escola debe integrar tamén a nova cultura: a alfabetización dixital; como fonte de información, como instrumento de produtividade para realizar traballos e materiais didácticos, como instrumento cognitivo.... Obviamente, a escola debe achegar aos estudantes a cultura de hoxe, non a cultura de onte. Por iso é importante a presenza na aula das TIC dende os primeiros cursos, como un instrumento máis, que se utilizará con finalidades diversas: lúdicas, informativas, comunicativas, instrutivas.

O proxecto que presentamos nace coa intención de seguir cambiando o concepto de centro educativo tradicional polo de centro educativo dixital, xa que o que perseguimos é dispoñer dos recursos humanos e pedagóxicos, así como das infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa.

Está claro que na Sociedade da Información e das Novas Tecnoloxías na que estamos camiñando a importancia que deben ter estas ferramentas na práctica docente diaria ten que ser cada vez maior.

O alumnado de Infantil e Primaria de hoxe en día nace xa tendo acceso a novos equipos e ferramentas que fan que a súa motivación para aprender con estas tecnoloxías sexa moi superior á que lle ofrece o uso exclusivo do papel e do lapis. Non hai alumnos/as desmotivados, senón métodos que non son totalmente adecuados ás súas características.

Asemade na vida diaria atopámonos en infinidade de ocasións coas novas tecnoloxías como medio imprescindible para desenvolvernos na sociedade

actual. Faise polo tanto case que imposible preparar aos homes e mulleres do futuro coas ferramentas do pasado. A escola e o noso centro non poden permanecer alleos ás novas necesidades que demanda o noso mundo.

É polo tanto imprescindible assimilar estes cambios, que se producen na sociedade, dentro da escola, xa que esta ten como último propósito formar persoas que se integren na sociedade do seu tempo.

Na lexislación vixente aparece recollida a importancia e aplicación das TIC no ensino, resaltando, entre outras, as seguintes referencias:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, (LOE). Art. 17: *“Iniciarse en la utilización, para el aprendizaje, de las tecnologías de la información y la comunicación...”*
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro (LOMCE). Punto XI do preámbulo: *“...La incorporación generalizada al sistema educativo de las Tecnologías de la Información y la Comunicación (TIC)...”*
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Sinala dentro das competencia clave (Art. 5) a Competencia Dixital. E dentro dos obxectivos da educación primaria (Art. 3) indica, entre outros: *“Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.”*
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. Dentro dos obxectivos da educación infantil (Art. 4) sinala, entre outros: *“Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.”*

2. O NOSO CENTRO

2.1. *Presentación do centro*

O CEIP de Tarrío está situado en Culleredo, concello limítrofe co de A Coruña, no que se poden distinguir dúas zonas: unha zona urbana, en continuo crecemento e cunha grandísima densidade de poboación e que comprende as parroquias de O Burgo, Rutis e Almeiras –que son as máis próximas ó concello de A Coruña- e , unha zona rural cunha densidade de poboación moi baixa que

non alcanza os 100 hab./km² (as parroquias de Castelo, Celas, Ledoño, Orro, Sésamo, Sueiro e Veiga) salvo a parroquia de Culleredo onde está Tarrío a capital do concello.



O estado do edificio é bo xa que foi renovado recentemente e a estas melloras hai que engadir unha moi substancial a Consellería realizou o cambio de todo o sistema eléctrico do centro e instalación da rede de datos en todas as dependencias o que posibilita a conexión a internet desde calquera punto e o funcionamento da intranet. Dende o curso 2017/2018, grazas ao proxecto “Escolas conectadas” temos acceso wifi en todas as zonas do alumnado.

Consta de dous edificios, un destinado a aulas e outro destinado a Administración e biblioteca:

ADMINISTRACIÓN-BIBLIOTECA: Nela hai as seguintes dependencias:

- Admón-Conserxería
- 2 servizos
- Local Anpa
- Biblioteca: lectura e consulta.
- Reprografía
- Xefatura de Estudos
- Dirección
- Secretaría
- Sala de estar profesores

AULARIO: Neste edificio hai 3 plantas:

	NORTE	CENTRAL	SUR
planta baixa	6 aulas (4 con servizos incorporados) 2 servizos alumnado Titoría E. Infantil Despacho Orientación 2	2 servizos alumnos 2 servizos profesores Servizo minusvalías Ascensor Local limpeza Taquillas alumnado	Comedor con zona primaria e zona infantil 2 espazos persoal de cociña: duchas, taquillas, servizos despacho encargada comedor cociña
1ª planta	Sala de audiovisuais 3 aulas 2 Aulas apoio Espazo RACK	2 servizos alumnos 2 servizos profesores Ascensor Aula música Aula Informática 3 aulas	4 aulas Dep. Orientación Titoría Orientación Aula PT Local limpeza
2ª planta	5 aulas Aula de plástica 2 espazos A. Educativa 1 Aula medioambiente	2 servizos alumnos 2 servizos profesores Ascensor 6 aulas Aula desdobres	

2.2. Punto de partida.

O Claustro do CEIP de Tarrío leva tempo tratando de incorporar as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe na medida das súas posibilidades.

O inicio deste proceso podemos ubicalo en febreiro de 2003 coa celebración dun primeiro curso de formación sobre o manexo de ordenadores no que participou a gran maioría do profesorado do centro. Como consecuencia púxose en marcha a aula de informática cun funcionamento regular e estable.

A partires dese momento, a experiencia práctica permitiu constatar o motivador que resulta para o noso alumnado a utilización dos medios informáticos para a adquisición e/ou reforzamento das súas aprendizaxes.

A implicación da práctica totalidade do profesorado do centro na aplicación das novas tecnoloxías e na adquisición da formación necesaria permitiu que a día de hoxe a organización do centro non precise, salvo casos moi puntuais, contemplar axudas nin “especialistas en informática” para a utilización da aula de informática por parte de todo o alumnado do centro.

Ao longo deste período, cun curso anual de formación sobre manexo de ordenadores para docentes, grupos de traballo no centro, posta en práctica do Plan de Mellora da Biblioteca escolar... e froito de longos debates, o Claustro do noso centro comparte, entre outras, as seguintes ideas:

- A aula de informática constitúe un bloque máis de recursos educativos que deben estar ao alcance do noso alumnado como elementos facilitadores de aprendizaxes e non tanto como área de estudio propiamente dita (informática).
- O coñecemento e o manexo das novas tecnoloxías é fundamental para a formación e integración social do noso alumnado, sobre todo se temos en conta que, por proceder de familias de clase media e baixa, en moitos casos non contan con ordenador na casa.
- O emprego das tecnoloxías da comunicación e información debe estar ligado á nosa concepción da biblioteca escolar como centro de recursos, de documentación e información multimedia.
- Necesidade dun espazo común (biblioteca e recursos informáticos) para o fomento da innovación pedagóxica, o traballo por proxectos co noso alumnado e a súa alfabetización informacional.
- Potenciar, dentro das posibilidades do centro, o cambio de aula de informática por informática na aula.
- Colgar ao noso centro na rede para difundir as actividades que realizamos e conectar o colexio coas familias e o entorno.

Froito destas reflexións o centro participa nos seguintes proxectos relativos as TIC:

- Forma parte do proxecto Abalar dende o ano 2010.
- Participa no proxecto “E-Dixgal” dende o ano 2015.
- Proxecto “Snappet” dende o ano 2016 3n 3º e 4º de primaria.
- Estamos usando a plataforma “G Suite para educación” , tanto co alumnado de 5º e 6º de primaria como co profesorado.
- Participamos no proxecto “Introducción á robótica educativa en primaria” dende o ano 2017.

3. OBXECTIVOS

3.1. Obxectivos xerais.

- Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.

- Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.
- Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Fornecer ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Potenciar a comunicación cos seus iguais.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.
- Empregar as TIC para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- Consultar e obter información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a internet.
- Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- A través das asociacións de nais e de pais dos centros, poñer en marcha mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.

- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais.

3.2. Obxectivos do centro en relación coas TIC

- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe, utilizándoas de forma activa por parte do alumnado.
- Fomentar o uso dos medios informáticos, facilitando o acceso a esta ferramenta por parte dos alumnos como medio de apoio e reforzo nas súas aprendizaxes.
- Favorecer a súa utilización por parte do profesorado nas súas tarefas habituais do Centro: programacións, memorias, plans, circulares, normativas, actividades, etc.
- Impulsar a comunicación con outros centros e con outras localidades, co fin de coñecer e transmitir valores sociais e de respecto a outras formas de vida e costumes.
- Facilitar a busca de información e o tratamento crítico desta, como forma de coñecer o mundo de Internet e as súas posibilidades de acceso á información útil.

3.3. Obxectivos para o alumnado

- Utilizar programas e entornos que faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas de contido: Matemáticas, Linguas, Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, Idiomas e resto de materias, e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas, e coñecementos das mesmas.
- Potenciar a súa comunicación con outros compañeiros e compañeiras do seu entorno e de fora do seu entorno próximo.
- Espertar o interese polo coñecemento e darlles as pautas para acceder á información precisa. Potenciar o seu razoamento e o seu afán de coñecemento.
- Utilizar o ordenador como medio de investigación para ampliar coñecementos e elaborar pequenos proxectos a nivel individual e/ou colectivo.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación, de potenciación de valores sociais e de expresión das ideas de cada un.

- Desenvolar o uso crítico das TIC como medio de acceder á información, coñecementos e servizos, avaliando as vantaxes, inconvincentes e limitacións.

3.4. Obxectivos para o profesorado

- Utilizar as TIC como medio de perfeccionar a actividade docente , de aproveitar a información que delas se poida sacar, e para mellorar o prantexamento pedagóxico a través da súa utilización.
- Empregar os ordenadores para o traballo cotián e as actividades de aula: programacións, actividades, controis, fichas, circulares, información ás familias, etc.
- Saber consultar información a través do ordenador, tanto de temas profesionais: concursos, cursos de formación, convocatorias...como de temas interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades, e/ou participar en debates, chats, ... a través de Internet.
- Favorecer os foros e o intercambio, pero tamén a participación do profesorado na actualización e mantemento da páxina web do centro como xeito de dar a coñecer as nosas inquietudes, ideas e alternativas á Comunidade Educativa.
- Empregar o XADE como ferramenta de xestión académica.

3.5. Obxectivos para a Comunidade Educativa

- Potenciar a comunicación coa comunidade educativa e o seu entorno: cadernos informativos, páxina Web, correo electrónico, nos que se divulgue o Centro e a súa oferta educativa, diferentes informacións, relación coa ANPA, e intercambio de información coas familias.
- Potenciar actividades de participación de toda a comunidade educativa: páxina web, foros e debates a través de Internet, enquisas, xornadas de portas abertas (Tarriomería), etc.
- Intensificar a utilización das TIC co fin de unificar todos os documentos do Centro e todas as informacións co mesmo formato, potenciando o correo electrónico como medio de contactar coas familias e a súa comunicación de incidencias ou simplemente como medio de comunicación vivo e activo.

4. ORGANIZACIÓN

4.1. *Persoal*

Coordinador/a

- Dinamizar e impulsar o uso das TIC do centro.
- Mantemento cotián dos equipamentos informáticos do centro, constituíndo o primeiro nivel de soporte destes, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
- Dar soporte, no uso didáctico, do equipamento informático do centro, ao resto do claustro, contando co apoio, nesta tarefa, do asesor ou asesora TIC da zona, sempre que as circunstancias así o requiran.
- Elaborará, por requirimento do equipo directivo e das liñas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica, o proxecto TIC e a organización e xestión dos medios e recursos tecnolóxicos do centro.
- Asesorar, de ser o caso, no mantemento do sitio web do centro.

Equipo das TIC

- Procurarase que neste equipo estean representados todos os “Ciclos” de ensino que se imparten no Centro. As funcións que realizará serán as seguintes:
- Facer unha relación de programas educativos existentes no Centro (e unha pequena recensión didáctica de cada un: área de aprendizaxe, nivel ao que vai dirixido, etc.) e dala a coñecer o resto de compañeir@s.
- Recibir, coñecer e catalogar software, materiais e recursos de Novas Tecnoloxías que cheguen ao Centro.
- Colaborar no mantemento e actualización da páxina web do Centro.
- Xerar proxectos de investigación en Internet para todos os niveis (webquest, cazas do tesouro, buscas, etc.)
- Elaborar proxectos comúns a todo o Centro que supoñan a utilización das TIC.
- Decidir os aspectos curriculares que se van tratar por medio das TIC en cada curso.

- Formarse na utilización de programas que supoñan a creación de materiais didácticos propios para uso de todo o profesorado.
- Informar ao profesorado do seu Ciclo das actividades deseñadas e as propostas didácticas decididas e motivalos para conseguir a participación activa de todo o Ciclo.

Persoal para impartir as TIC

Por norma xeral será o titor ou titora o responsable da integración curricular das TIC e da realización das actividades que ésta supoña.


Formación do profesorado

Potenciarase a creación de grupos de traballo ou proxectos de formación en TICs que facilite a formación e reflexión no propio centro de traballo.

4.2. Equipamento.

A día de hoxe o centro conta co seguinte equipamento:

- Contamos con acceso a internet por cable e wifi en todas as aulas e dependencias do centro.
- Todas as aulas do centro contan con encerado dixital interactivo, proxector e computador portátil.
- 8 aulas Abalar con videoproxector, encerado interactivo e computador para o profesorado. Un “netbook” por alumno conectado a rede wifi Abalar.
- Aula de informática dotada con 26 computadores conectados en rede e un encerado dixital interactivo con videoproxector. Impresora en rede e escáner.



- 24 tablets “Samsung TAB A 10.1” de 32 GB, con armario cargador para o seu uso en Infantil.
- 6 “kits” de robótica para primaria.
- Aula de música con videoproxector , encerado interactivo e computador portátil.
- Aula de plástica con videoproxector, encerado interactivo e computador portátil.
- Aula de audiovisuais con videoproxector, pantalla, reprodutores de vídeo e DVD, equipo de son.
- Sala de profesores/as con catro computadores e impresora-fotocopiadora-escáner a cor conectada en rede.
- Biblioteca con videoproxector, pantalla e equipo de son. Anexa á biblioteca: sala de consulta con 6 computadores conectados en rede e impresora.



- Departamentos, titorías e administración con computadores e impresoras en rede.

4.3. Organización do alumnado. Horario

- **Número de alumnos por ordenador**

Sempre dependerá o número de alumnos do número de ordenadores e do tipo de traballo ou actividade que se realice. Non obstante, o número ideal de alumnos por ordenador na aula de informática é dun máximo de 2. (A maior número de alumnos, maior é a distracción). Para os traballos ou proxectos de investigación potenciarase o traballo en pequenos grupos (4-5 como máximo), que supón para os alumnos/ás a posta en práctica de habilidades de cooperación e traballo en equipo, imprescindibles para a aprendizaxe compartida.

- **Individual ou pequeno grupo**

Para traballar con alumnos con necesidades educativas especiais, alumnos cun gran desfase curricular ou algúns aspectos de lingua con alumnos inmigrantes, vese interesante o traballo individual ou en pequenos grupos, como forma de favorecer a autonomía e atender mellor aos ritmos de aprendizaxe. Isto podería realizarse nas aulas de PT e AL, polo que se fai necesario dotar a estas aulas dun ordenador.

- **Horario**

Establecerase unha hora semanal fixa de uso ao principio de cada curso para posibilitar o acceso de todo o alumnado.

5. METODOLOXÍA

Acudir cos alumnos a unha actividade de informática supón unha preparación e unha planificación, levar todo ben preparado.. Iso esixe unha programación que como todas, sexa flexible, e adaptada aos nosos alumnos, e susceptible de modificala ou melloralala pouco a pouco. Pero aparte desa programación xeral de actividades e contidos, haberá algúns pasos que deberemos considerar:

5.1. Xeral

- Concretar as ideas xerais a ter en conta para intervir cos alumnos/ás na aula de Informática:
 - Facilitar a autonomía nos alumnos para o uso dos ordenadores. Non lles dar todo feito. Que sexan eles os que o poñen en marcha, entren no programa, saen e apagan o ordenador.
 - Potenciar a participación de todos os alumnos, valorando actitudes de respecto, cooperación e integración.
 - Inculcar que o emprego educativo do ordenador leva consigo traballo, aprendizaxe, actividade, diversión e esforzo. Non só é xogar.
 - Realizar actividades adaptadas aos alumnos, e nas que cada un poida desenvolver a actividade segundo o seu nivel, os seus ritmos de aprendizaxe e se é posible as súas aptitudes.
 - Fomentar actitudes de coidado do material, coidado dos ordenadores e do mobiliario.

- Pormenorizar: onde empezar o uso da informática, como iniciarse no emprego do rato, como introducir o teclado, onde empezar a inculcarlles a autonomía do emprego do ordenador (poñer en marcha, iniciar un programa, pechalo, apagar o ordenador,...).
 - Iniciarase no uso do ordenador preferentemente en Educación Infantil, a ser posible que dende os 3 anos se inicien no uso do ordenador con programas adaptados ao seu nivel. Sempre se procurará que no último curso de Educación Infantil todos os alumnos tiveran contacto co ordenador.
 - O teclado e o rato introducíranse á vez, procurando facelo con programas adaptados para iso. Teclado, en infantil, con programas que actúen con poucas teclas, atendendo primordialmente a pulsación controlada; en Primaria, con programas que presentan o teclado completo. Rato, en Infantil, con programas preparados para iso e que formulan a pulsación en amplas zonas da pantalla.
 - A autonomía no emprego do ordenador, dende 1º de primaria, e en especial a partir de 3º de primaria, onde serán os propios alumnos os que fagan todas as actividades, sempre que sexa posible.
 - O Procesador de Textos iniciárase como forma de facilitar a expresión e a comunicación a partir de 3º de primaria, e atenderase non só a que sirva como medio de expresión, senón tamén a coñecer as posibilidades fundamentais desta ferramenta informática: Edición (Tipos de letra, cor, tamaños, mover ou copiar texto, Formato, táboas, Inserir imaxes, Liñas, Bordos,...), Impresión (imprimir, tamaño da páxina,...) e Mantemento (Gardar, Cargar un documento)
 - Iniciarase o emprego de Internet como forma de acceder á información en 1º de primaria, mediante actividades dirixidas e moi sinxelas, e posteriormente, dende 3º procurando que sexan eles mesmos os que accedan a unha información determinada utilizando buscadores ou a través de actividades guiadas (listas activas, buscas, cazas do tesouro ou webquest).

5.2. *Antes de ir á aula*

- Planificar a actividade
 - Seleccionar os programas ou recursos que se van utilizar

- Prever as actividades a realizar. (Ás veces, unhas actividades dun mesmo programa ou recurso valen e outras non).
- Planificar o número de sesións e como se van organizar.
- Integrar o traballo na aula de informática dentro da programación do curso e dos contidos a traballar nel. Que non sexa un traballo illado de informática.
- Enmarcar o traballo informático, sempre que se poida, dentro dunha actividade máis ampla: actividades previas, actividades na aula de informática, e actividades posteriores.

5.3. Na aula de informática

- Presenza directa do profesor:
 - Maior canto máis pequenos sexan os alumnos.
 - Máis dirixida a clase, e máis controlada, canto máis pequenos.
 - Pouco a pouco ir dando maior iniciativa e máis autonomía.
- Nas primeiras sesións invertir tempo en:
 - Ordenador: acender, apagar, coidar...
 - Discos: Posición correcta ao introducilos, que se pode facer e que non, introducir e sacar...
 - Memorias USB posición correcta ao introducilas, como quitálas correctamente.
 - Manexo básico por unha ventá: maximizar, minimizar, pechar.
 - ¿Como abrir un programa? Pechalo correctamente.
 - Teclear correctamente.
 - Uso do rato.
 - Apagar axeitadamente o ordenador.
- Sempre:
 - Ir á Aula de Informática con lapis e papel (Traballar tamén en papel. Algunhas actividades precisan realizalas previamente)

- Deixarlles sempre o máis claro posible que pretendemos e que é o que van realizar: Varias posibilidades: 1. Explicación inicial e traballo posterior. 2. Folla de traballo pormenorizando o que se vai realizar. 3. Pequenas explicacións e traballo posterior.
- Acostumbrarlos dende o principio a respectar o material, a recoller e ordenar a aula ao finalizar.

5.4. *Despois*

Realizar algunha anotación: que fixemos, aspectos interesantes, modificacións para o curso próximo ou para o próximo día, problemas que xurdiron, comentarios...

6. CONTIDOS

6.1. *Medios informáticos en Infantil*

- Dentro da aula, no recanto correspondente coas tablets que lle correspondan a cada aula de 4 e 5 anos. O alumnado de 3 anos poderase ir introducindo no uso das tablets no 3º trimestre do curso.
- Fora da aula en grupos reducidos na aula de informática. Unha posibilidade sería que o realizase o titor ou titora, quedando a profesora/o de apoio coa metade da clase. Podemos valorar varios aspectos:
 - Pode ser máis motivante: aula máxica, aula da fantasía na que imos atopar un ser marabilloso (o ordenador) con personaxes que nos van dicir ou mostrar cousas (os programas). É un lugar onde vas e algo pasa...
 - Organización do traballo: Uns alumnos van á aula máxica e outros permanecen na súa aula. Isto supón: planificar e prepara diversas e diferentes actividades; necesidade de organizar ben ao profesorado, pois se necesitan dous profesores nese momento; previamente terase programada a actividade a realizar.

6.2. *Medios informáticos en Primaria*

- **Como contido:**
 - Coñecer basicamente as partes do ordenador: teclado, monitor, rato, ordenador, CDRom, memorias USB, altofalantes...
 - Coñecer as posibilidades do ordenador e da informática

- Coñecer as súas aplicacións na vida cotiá: actividades de ocio e xogo, laborais, creativas e de deseño, educativas e de coñecemento, etc.

▪ **Como Ferramenta ou medio didáctico:**

 **1º e 2º de primaria**

- Apoiar no desenvolvemento das destrezas fundamentais: lectura, comprensión lectora, auditiva, escritura-expresión, cálculo, numeración, series e clasificacións.
- Afianzar aspectos espaciais e temporais.
- Favorecer a creatividade e a comunicación.

 **3º e 4º de primaria**

- Perfeccionar as aprendizaxes fundamentais:
 - Comprensión lectora e interpretación correcta das ordes.
 - Creación de textos. Corrección. Expresión.
 - Cálculo e cálculo mental. Numeración. Xeometría.
- Iniciarse no coñecemento do seu Medio próximo.
- Realizar actividades de resolución de problemas.
- Iniciarse na utilización de Internet para buscas de información.

 **5º e 6º de primaria**

- Actividades de apoio, reforzo ou perfeccionamento para as diferentes áreas: Matemáticas, Linguas, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Idiomas, Plástica, Música, E. Física... Será unha ferramenta para reforzar os contidos conceptuais ou procedimentais que se traballan na aula.
- Busca dunha maior autonomía no traballo, preparación para a vida laboral: Procesador de Textos, Xornal (maquetación), aplicacións propias (Clic, Láminas, Neobook, etc...).
- Adquirir coñecementos novos. Buscar información ou estudar determinados temas aproveitando CDs multimedia, Enciclopedias, ou investigando en direccións de Internet que lles proporcionemos.
- Internet e a busca de información. Navegación. Depuración da información. Buscar información sobre contidos conceptuais dalgunhas áreas.

7. NIVEIS COMPETENCIAIS EN HABILIDADES INFORMÁTICAS.

As habilidades no manexo dos computadores que irán adquirindo os nosos alumnos/as deben ser consecuencia do traballo con eles, non o obxectivo a conseguir. Non obstante serán unhas habilidades que interesará observar e acadar para que o traballo co recurso informático poida progresar e dar mellores froitos. En cada nivel exprésanse as competencias posibles, considerando acadadas as que se indicaron nos niveis previos.

EDUCACIÓN INFANTIL	
Manexo do rato.	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Forma correcta e cómoda de usalo. ▫ Movemento. ▫ Pulsar botón esquerdo para efectuar selección e executar acción. ▫ Pulsar e arrastrar para mover elementos. ▫ Dobre clic para executar accesos directos do escritorio.
Manexo do teclado.	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Uso de cursores para moverse pola pantalla. ▫ Uso de teclas concretas marcadas con “gomets”
Programas.	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Selección de iconas do escritorio para executar programas. ▫ Uso de programas sinxelos nos que se fagan seleccións con rato e/ou teclado.
Usuario.	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Acender e apagar o computador "correctamente".
1º E 2º DE PRIMARIA	
Uso do teclado.	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Localización das letras. ▫ Escritura para completar actividades dalgúns programas. ▫ Uso da tecla "Intro" para executar accións. ▫ A tecla "May" para obter letras maiúsculas.
Programas.	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Procura de enlaces no Menú Inicio- Programas... ▫ Uso de programas con diferentes niveis e/ou alternativas.
Usuario	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Buscar aplicacións a través o " Menú Inicio"- "Programas", etc...
3º E 4º DE PRIMARIA	
Manexo do rato.	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Botón dereito para obter "propiedades". ▫ Uso completo do rato.
Manexo do teclado.	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Localización de todas as letras e aumento da velocidade de escritura. ▫ Obtención de símbolos incluídos no teclado. ▫ Uso da tecla "AltGr".
Programas.	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Procesador de textos, preferentemente “Writer” de LibreOffice. ▫ Selección de fontes e tamaños. ▫ Programa de debuxo simple. Para facer uns primeiros trazados. Pode ser Paint. ▫ Navegación en Internet en páxinas propostas polo profesor mediante enlaces postos nun documento ou o escritorio. ▫ Programas educativos de case calquera tipo.
Usuario.	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Manipular correctamente os CDs, memorias USB. ▫ Abrir arquivos xa existentes no cartafol "Os meus documentos" e noutras unidades de almacenamento ▫ Gardar arquivos no mesmo cartafol e noutras unidades de almacenamento. ▫ Crear novo cartafol nos "meus documentos" para gardar e abrir arquivos propios ou do nivel. ▫ Coñecemento do vocabulario técnico que designa os elementos cos que se traballa habitualmente.

	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Recoñecemento das partes dun computador, os seus periféricos e as funcións e propiedades básicas dos mesmos.
5º E 6º DE PRIMARIA	
Manexo do teclado.	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Uso competo do teclado incluíndo algúns "atallos" para facilitar os traballos.
Programas.	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Procesador de textos con formato de fontes, parágrafo e inclusión de gráficos. Preferentemente "Writer" de LibreOffice. ▫ Elaborar presentacións con "Impress" de LibreOffice. ▫ Folla de cálculo. "Calc" de LibreOffice. ▫ Programas da suite informática "Google Drive" ▫ Copiar, cortar e pegar fragmentos de texto. ▫ Manexo sinxelo dun programa de deseño e/ou retoque fotográfico. Con modificación de tamaño da imaxe e realización de recortes e efectos. ▫ Manexo dun programa básico de son como o "Audacity" ▫ Navegación en Internet. ▫ Descompresión e compresión de arquivos. "7zip" ▫ Recoñecemnto dos distintos tipos de arquivo polas súas extensións.
Usuario.	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Uso dos buscadores en Internet. Organizar os "Favoritos". ▫ Xestionar carpetas e arquivos tanto no disco duro como nunha memoria USB. ▫ Se se dan as condicións, manexo simple dunha cámara dixital. ▫ Uso da aula virtual. Moodle

8. O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE E A ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS.

A atención á diversidade constitúe unha das principais aspiracións da Educación Básica Obrigatoria e un dos principios xerais que a LOE establece. Preténdese que a intervención educativa se axuste gradualmente ás diferencias individuais dos alumnos, polo tanto, as medidas de atención á diversidade son basicamente medidas de individualización e personalización do ensino.

O aumento de motivación e adaptación do aprendizaxe ao ritmo de coñecementos do alumnado son dúas vantaxes básicas que aporta o uso do ordenador nos procesos de ensino-aprendizaxe e, polo tanto as TIC son ferramentas idóneas para a atención á diversidade.

A presenza no noso centro de alumnos con NEE fai necesario que este plan considere, ademais, a este tipo de alumnado e trate de dar resposta ás súas necesidades educativas apostando por unha ensinanza integradora e inclusiva.

As novas tecnoloxías son fundamentais con este tipo de alumnos xa que é relativamente fácil traballar co alumnado ao ritmo e nivel que precisen, mellorando polo tanto a súa atención no centro.

Neste momento xa contamos cun equipo informático para uso específico do alumnado con NEE e estanse a realizar con eles actividades de reforzo educativo individualizado aínda que o seu software debera ampliarse.

Temos previsto incrementar a dotación de programas educativos axeitados aos distintos niveis do alumnado e elaborar fichas-guía dos programas e actividades coas que contamos reflectindo contidos e niveis recomendados para facilitar o seu manexo por todo o profesorado na atención á diversidade.

Pretendemos usar as TIC como un medio máis de integración e inclusión.

9. O FOMENTO DOS VALORES DEMOCRÁTICOS.

A integración das TIC ofrece ferramentas novas, poderosas e efectivas para apoiar a formación de competencias cidadáns e fomentar os valores democráticos.

Facilitar o uso de internet e capacitar ao noso alumnado dixitalmente contribuirá a desenrolar habilidades para a búsqueda de información e a comunicación así como habilidades de participación e acción responsables.

Ademais de ser unha fonte idónea para converterse en cidadáns informados, tamén é un xeito alternativo de profundizar nos temas transversais: paz, discapacidade, tolerancia, pobreza, responsabilidade...

Fomentaremos o traballo en equipo na elaboración de proxectos con reparto de responsabilidades evitando o individualismo.

Así mesmo a comunicación con alumnos doutros países contribuirá a unha mellor comprensión dos valores doutras culturas e á súa apreciación.

10. USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR COMO CENTRO DE RECURSOS PARA A LECTURA, A INFORMACIÓN E A APRENDIZAXE.

O noso centro participa no PLAMBE dende o curso 2006/2007 co proxecto “*Corazón de tarrío.e*” que contempla varios obxectivos relativos as TIC .

Todos os anos se xestiona dende a Biblioteca a realización dun “Proxecto Documental Integrado” no que participa todo o alumnado.

A biblioteca conta cun ordenador base para realizar a catalogación e os préstamos dos fondos.

Conta tamén cunha sala de consulta con 6 computadores conectados en rede a disposición do alumnado.

11. AVALIACIÓN

- **Periodicidade das revisións**
 - O seguimento do Plan realizarase basicamente nas reunións do equipo das TICs e do equipo de profesores de cada Ciclo.
 - Así mesmo avaliarase o seu desenvolvemento nos momentos establecidos para a revisión da PXA.
- **Identificación de aspectos de mellora**
 - Tanto nas reunións mensuais do profesorado, como nas revisións da PXA, detectaranse os aspectos de mellora e plasmaranse por escrito.
 - Recolleranse as suxestións achegadas por familias e alumnos a través das canles que se establecen ao efecto.
 - Os aspectos de mellora detectados suporán o deseño de pequenos Plans de acción para o curso seguinte, que intentarán emendar as deficiencias.
- **Modificacións e axustes**
 - Unha vez avaliados positivamente os Plans de acción levados a cabo para emendar os aspectos de mellora, modificaranse os apartados necesarios do Plan. De ditas modificacións informarase aos sectores da comunidade educativa que se vexan implicados.

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN	1
2. O NOSO CENTRO.....	2
2.1. Presentación do centro	2
2.2. Punto de partida.....	4
3. OBXECTIVOS.....	5
3.1. Obxectivos xerais.....	5
3.2. Obxectivos do centro en relación coas TIC	7
3.3. Obxectivos para o alumnado.....	7
3.4. Obxectivos para o profesorado.....	8
3.5. Obxectivos para a Comunidade Educativa.....	8
4. ORGANIZACIÓN	9
4.1. Persoal.....	9
4.2. Equipamento.....	10
4.3. Organización do alumnado. Horario	11
5. METODOLOXÍA	12
5.1. Xeral	12
5.2. Antes de ir á aula.....	13
5.3. Na aula de informática.....	14
5.4. Despois.....	15
6. CONTIDOS	15
6.1. Medios informáticos en Infantil.....	15
6.2. Medios informáticos en Primaria.....	15
7. NIVEIS COMPETENCIAIS EN HABILIDADES INFORMÁTICAS.....	17
8. O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE E A ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS.....	18

9. O FOMENTO DOS VALORES DEMOCRÁTICOS.....	19
10. USO DA BIBLIOTECA ESCOLAR COMO CENTRO DE RECURSOS PARA A LECTURA, A INFORMACIÓN E A APRENDIZAXE.....	19
11. AVALIACIÓN.....	20

ANEXO I: NORMAS AULA DE INFORMÁTICA.

- ✚ Procuraremos que os alumnos/as utilicen sempre o mesmo ordenador, así responsabilízanse del.
- ✚ O grupo que acuda primeiro á aula deberá de encender os ordenadores.
- ✚ Se utilizas un CD-Rom, memoria USB ou calquera outro dispositivo externo sácao antes de apagar o ordenador.
- ✚ Se utilizas o ordenador para facer traballos co procesador de textos, ou calquera outro (fichas, informes, presentacións, ...) procura gardalo na carpeta: "Arquivos alumnos". É conveniente que crees unha carpeta co teu nome para gardar os teus traballos.
- ✚ Non meter nunca nos ordenadores dispositivos con programas dos que se descoñece a súa procedencia (poden ter virus e infectaríamos todo o demais).
- ✚ Ante calquera dúbida preguntar sempre. Procura ter unha libreta, axenda,... para ir anotando o que vas aprendendo.
- ✚ Non se poderán instalar programas nos ordenadores. Se se precisa algún programa novo deberá de solicitarse a súa instalación ao coordinador tic.
- ✚ Cando facemos uso do proxector de vídeo debemos apagalo ao acabar a sesión.
- ✚ Se quitamos o son ou efectuamos algún outro cambio deberase deixar o ordenador tal e como estaba antes de abandonar a aula.
- ✚ O grupo que acuda na última sesión á aula deberá apagar os ordenadores. Non apagar os monitores.
- ✚ Ao finalizar a sesión deberemos cerrar todos os programas que usamos.
- ✚ Por último, antes de abandonar a aula debemos comprobar que todo se atopa en orde (compoñentes do ordenador, sillas, ...)

ANEXO II: Normas de uso dos portátiles Abalar

A.- COLLER O PORTÁTIL

1. Antes de coller o portátil do armario deixa a túa mesa libre para evitar ter que colocalo en situacións de perigo.
2. Cada un dos portátiles ten unha etiqueta identificativa con un número que se corresponde con cada alumno/a. De aí que sempre collerás o portátil que tes asignado.
3. Para coller o portátil do armario irase por orde, un por un. En ningún caso en grupos.
4. Colle o portátil sempre coas dúas mans. Asegúrate de que o desenchufas do cargador.

B.- TRABALLAR CO PORTÁTIL

5. Unha vez na mesa non acendas o portátil ata que o diga o profesor/a.
6. Non coloques obxectos de ningunha clase sobre o portátil, nin cando estea aberta nin cando estea pechada a tapa.
7. A pantalla é moi delicada, non a toques coas mans sucias, nin lle deas golpes.
8. Ti serás responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos. Segue en todo momento as indicacións do profesor á hora de crear carpetas ou gardar arquivos.
9. Serás o responsable de gardar o traballo e de apagar correctamente o equipo ao finalizar a clase.
10. A información que se almacena nestes equipos estará relacionada con tarefas educativas
11. Non se poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software instalado.
12. O equipo que tes asignado é responsabilidade túa, cóidao e manteno en bo estado. Evita que leve golpes. En caso de calquera incidencia técnica poñerala en coñecemento do profesor.
13. O uso da rede do centro terá sempre unha finalidade educativa. Non deberás acceder a páxinas cuxos contidos non sexan de carácter educativo.

C.- GARDAR O PORTÁTIL

14. Ao finalizar as clases devolverás o portátil ao armario, no lugar que lle corresponde, asegurándote de que queda conectado ao cargador. Deberás ir por orde, evitando ir en grupos, seguindo en todo momento as indicacións do profesor correspondente.

D.- LEVAR O PORTÁTIL PARA A CASA.

15. Levarase debidamente protexido na carteira que se facilita no colexio.
16. Hai que traelo todos os días ao colexio coa batería completamente cargada.
17. No caso de non respectar estas normas pode acarrear a restrición de acceso ao equipo ou a súa retirada definitiva.